

PROTOCOLO DA XUNTA DE GALICIA PARA A PROTECCIÓN ÁS EMPREGADAS PÚBLICAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Santiago de Compostela 07/02/25

Publicada hoxe a [Resolución da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal, pola que se publica o Protocolo da Xunta de Galicia para a protección ás persoas empregadas públicas vítimas de violencia de xénero.](#)

O **obxecto** deste protocolo é **actuar contra a violencia de xénero na contorna laboral** incluída no seu ámbito de aplicación, que **comprende** todo acto de **violencia física ou psicolóxica, as ameazas e as coaccións.**

Neste protocolo establécese o conxunto de **medidas** que inclúen aspectos informativos, laborais, económicos, preventivos, asistenciais, así como formativos e de sensibilización, para contribuír á erradicación da violencia de xénero, en todas as súas manifestacións, e establecer os **procedementos** para facilitar a protección e asistir ás empregadas públicas da Administración xeral da Xunta de Galicia incluídas no ámbito de aplicación deste protocolo, que sexan vítimas de violencia de xénero.

Este protocolo será de aplicación a todo o persoal da **Administración xeral** da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público sinaladas no artigo **45.a) da Lei 16/2010**, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

